



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
Correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

CERTIFICACIÓN DE ACORDO PLENARIO.

Ricardo Garrido Caneda, secretario-interventor do Concello da Baña, agás erro ou omisión involuntaria, **CERTIFICO** o acordo plenario con data do 1 de setembro de 2021, que deseguido se transcribe:

4. APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO RÚSTICO APTO PARA URBANIZAR SRAU-2.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa Única, Asuntos do Pleno con data do 30 de agosto de 2021 que deseguido se transcribe:

“Asunto: Aprobación definitiva do Plan de Sectorización do solo rústico apto para urbanizar SRAU-2.

Expediente: 2019/U034/000001

Estado tramitación: aprobación provisional

ANTECEDENTES

Plan de Sectorización do solo rústico apto para urbanizar SRAU-2 (SRAU-2, en adiante), do Plan xeral de ordenación municipal do Concello da Baña, redactado por Estudio Técnico Gallego SA, s que o integran.

16/10/2008 (RE 1410 do 21/10/2008). Documento de referencia para o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica do Plan de sectorización do SRAU-2 do Concello da Baña (A Coruña), da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.

23/06/2009. Resolución da Alcaldía nº 57/09 pola que se incoa o expediente para aprobar o SRAU-2.

Documento de inicio para o procedemento de avaliación ambiental estratéxica do SRAU-2 23/06/2009. Informe da Secretaría-Intervención sobre o procedemento para aprobar o SRAU-2.

19/11/2009. Informe técnico sobre o documento de aprobación inicial do SRAU-2.

27/11/2009. Acordo da Xunta de Goberno Local polo que se aproba inicialmente o SRAU-2 redactado por Estudio Técnico Gallego SA.

29/12/2009. Anuncio no diario El Correo Gallego da aprobación inicial do SRAU-2 e do inicio da exposición pública do expediente por un prazo de 2 meses (páxina 34 Área de Compostela).

30/12/2009. Anuncio no diario La Voz de Galicia da aprobación inicial do SRAU-2 e do inicio da exposición pública do expediente por un prazo de 2 meses.

31/12/2009. Anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 274 da aprobación inicial do SRAU-2



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
Correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

e do inicio da exposición pública do expediente por un prazo de 2 meses.

04/01/2010. Anuncio no Diario Oficial de Galicia nº 1 da aprobación inicial do SRAU-2 e do inicio da exposición pública do expediente por un prazo de 2 meses.

19/02/2010. Solicitud de informe sectorial a Augas de Galicia.

19/02/2010. Solicitud de informe sectorial á Dirección Xeral de Patrimonio.

19/02/2010. Solicitud de informe sectorial á Dirección Xeral de Infraestruturas.

19/02/2010. Solicitud de informe sectorial á Dirección Xeral de Vivenda e Solo.

01/03/2010 (201000000000208). Tugallo SA con CIF A15268477 formula escrito de alegacións á aprobación inicial do SRAU-2.

02/03/2010 (201000000000218). Laudalina Antelo Rey con DNI 33190987 solicita a corrección da superficie da parcela nº 461, incluída no ámbito do SRAU-2.

02/03/2010 (201000000000219). Jesús Forján Silva con DNI 33094525D solicita a corrección da superficie das parcelas nº 467, 503 e 5523, incluídas no ámbito do SRAU-2.

05/04/2010 (201000000000362 do 13/04/2010). Informe favorable de Augas de Galicia sobre o SRAU-2.

06/06/2010 (non consta rexistro de entrada). Informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre o SRAU-2.

05/07/2010. Informe ás alegacións formuladas pola mercantil TUGALLO SA, Laudalina Antelo Rey e Jesús Forján Silva (números de rexistro de entrada 201000000000208, 201000000000218 e 201000000000219, respectivamente).

08/07/2010. Informe técnico municipal sobre as alegacións formuladas durante o trámite de exposición pública do expediente.

09/07/2010. Acordo da Xunta de Goberno Local polo que se resollen as alegacións formuladas durante o prazo de exposición pública do expediente.

26/06/2011. Solicitud de informe sectorial á Dirección Xeral de Mobilidade.

13/07/2011. Solicitud de informe sectorial á Delegación do Goberno.

13/07/2011. Solicitud de informe sectorial á Deputación Provincial da Coruña.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
Correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

13/07/2011. *Solicitud de informe sectorial ao Concello de Negreira.*

13/07/2011. *Solicitud de informe sectorial ao Concello de Val do Dubra.*

13/07/2011. *Solicitud de informe sectorial ao Concello de Santa Comba.*

13/07/2011. *Solicitud de informe sectorial ao Concello de Ames.*

13/07/2011. *Solicitud de informe sectorial á Dirección Xeral de Conservación da Natureza.*

15/09/2015 (RS 201500000000567; data de recepción no rexistro xeral da Xunta de Galicia nº 12949 / RX 1788907 do 16/09/2015). *Oficio de remisión á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, da Memoria do Plan de sectorización do SRAU-2 para os efectos da cumplimentación do artigo 85.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*

25/09/2015 (RE 201500000001005 do 29/09/2015). *A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, require a remisión do informe de participación pública e consultas.*

20/10/2015. (RS 2015 00000000611 do 22/10/2015). *Oficio de remisión a Gas Natural-Fenosa de solicitude de informe sobre a suficiencia das infraestruturas e servizos existentes e previstos para o desenvolvemento do SRAU-2.*

20/10/2015. (RS 2015 00000000612 do 22/10/2015). *Oficio de remisión a Espina e Delfín de solicitude de informe sobre a suficiencia das infraestruturas e servizos existentes e previstos para o desenvolvemento do SRAU-2.*

22/10/2015. *Informe de Estudio Técnico Gallego SA sobre a integración no SRAU-2 os informes sectoriais e as alegacións.*

09/11/2015 (RE 201500000001102). *Remisión de informe de Espina y Delfín SL sobre a suficiencia das infraestruturas e servizos existentes e previstos no que ao abastecemento de auga municipal se refire.*

16/11/2015. *Informe de participación pública e consultas do SRAU-2 da Secretaría-Intervención.*

16/11/2015 (RS 201500000000639). *Oficio de remisión á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da documentación requirida en data 25/09/2015 (RE 201500000001005 do 29/09/2015).*

09/12/2015 (RE 201500000001170). *Informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia á Memoria ambiental do Plan de sectorización SRAU-2 do Concello da Baña.*

14/01/2016. (RE 201600000000033). *Resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación*



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
Correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Ambiental pola que se formula a memoria ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do Plan de sectorización do SRAU-2, Concello da Baña.

04/02/2016. Informe sobre a calidade técnica da ordenación proxectada no SRAU-2.

05/02/2016. Informe da Secretaría-Intervención á aprobación provisional do SRAU-2.

08/02/2016. Acordo da Xunta de Goberno Local polo que se aproba provisionalmente o SRAU-2.

28/04/2016 (RS 20160000000179; nº de recepción no rexistro xeral da Xunta de Galicia 62143 / RX 1156246). Oficio de remisión ao Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Coruña da Xunta de Galicia do expediente administrativo e do documento refundido para aprobar provisionalmente o SRAU-2.

24/05/2016 (RE 2016000000428 do 30/05/2016). Requirimento do Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Delegación Territorial da Coruña da Xunta de Galicia para achegar a documentación que relaciona.

01/09/2016 (RE 20160000001123). Oficio de remisión do informe da Subdirección General de Redes y Operadores de Telecomunicaciones da Dirección General de Telecomunicaciones y Tecnologías de la Información da Secretaría de Estado de Telecomunicaciones y para la Sociedad de la Información do Ministerio de Industria, Energía y Turismo do Goberno de España, do 01/09/2016.

Outubro 2016. Texto e planimetría do Plan de sectorización do solo rústico apto para urbanizar SRAU-2 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello da Baña, redactado por Estudio Técnico Gallego SA. 13/11/2019. Informe da Secretaría-Intervención á aprobación provisional do SRAU-2.

04/05/2021: Informe previo á aprobación definitiva do Plan de Sectorización do Sólo Rústico Común apto para urbanizar SRAU-2 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, con nº de rexistro de entrada neste Concello 20210000000517, de data 05/05/2021, mediante o que dita Dirección Xeral informa favorablemente o Plan de Sectorización do Sólo Rústico Común apto para urbanizar SRAU-2 condicionado ó cumprimento dunha serie de observacións desglosadas nos apartados III.2 a III.9 de dito informe.

25/08/2021: Informe técnico do responsable da área de urbanismo do Concello da Baña, don Luís Matovelle, o cal se transcribe a continuación:

“3.- INFORME:

Solicítase informe sobre o cumprimento dos condicionantes impostos no informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 04/05/2021, no que se impuña a inclusión ou modificación da documentación remitida nunha serie de cuestións enumeradas no mesmo. O equipo redactor emite informe sobre o cumprimento dos condicionantes impostos según consta no anexo correspondente do documento aportado, resultando:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
Correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

1.- Nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais será obrigatorio para as persoas que resulten responsables consonte o artigo 21 ter xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei e na súa normativa e desenvolvemento, nunha franxa de 50 metros.

En consecuencia, o plan de sectorización incluírá as determinacións resultantes das esixencias adicionais introducidas na Lei 3/2007.

Procédese a inclusión dun novo plano I-17. Faixa de xestión de biomasa, a vez que se introduce na normativa o artigo 9.- Medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais.

2.- Cómpre modificar o número 2 da liña 8.1.4 do texto (normativa) que establece o 40% en vez do 25%. Procédese a corrección de dito erro.

3.- Con respecto ó plan de etapas, o polígono A debe incluír o viario principal como sinala o plan de etapas, para garantir a súa funcionalidade sen precisar da execución do polígono B.

Procédese a modificación dos planos O-13 e O-14, así como a actualización nos diferentes documentos do estudo económico e memoria de viabilidade económica.

4.- O proxecto grafará en planos a liña límite de edificación incluíndo o sistema xeral de equipamento DPG1(c). O proxecto sinalará que esta franxa se cederá ó administrador titular da estrada. Procédese a grafitación de dita liña e a inclusión no epígrafe 3.3.4.- Trazado viario e reserva de prazas de aparcamento da obriga de cesión ó administrador titular da estrada desta franxa.

5.- As prazas de aparcadoiro accesibles deben ter unha lonxitude mínima de 5 m, como resulta do artigo 35 da Orde VIV/561/2010, e non de 4,80 m. Procédese a modificación das prazas de aparcadoiro en batería aumentando estas a 5 m.

6.- Introdúcese unha mención á preceptiva redacción dun estudo de detalle nos quinteiros M-2 e M-5, que están cualificados coa ordenanza 1 industrial, no punto da liña 8.2.6, o cal regula a altura total da edificación da ordenanza de uso servizos equipamento comercial e social. Procédese a súa eliminación da ordenanza 2 de usos servizos equipamento comercial e social.

7.- Adaptación do documento as normas técnicas de planeamento. Procédese a adaptación do documento ao sinalado no título II das normas.

Revisado o conxunto de documentos que conforman o denominado "documento de aprobación definitiva" do Plan de sectorización do SRAU-2 do PXOM do Concello da Baña compróbase a corrección dos diferentes ítems identificados, polo que a xuízo de quen suscribe o documento aportado da cumprimento as esixencias impostas no informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 04/05/2021, e o referido documento pode someterse a aprobación."



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
Correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Visto informe xurídico de Secretaría – Intervención de data 26 de agosto de 2021.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

Disposición transitoria 2ª da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Os plans aprobados provisionalmente antes da entrada en vigor da LSG poderán continuar coa súa tramitación ata a súa aprobación definitiva a tenor das normas procedimentais e determinacións dispostas na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA, en adiante).

A competencia para á súa aprobación, rexerese polo réxime establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Artigos 66, 67 e concordantes da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Os plans de sectorización son os instrumentos mediante os que se establecen as determinacións estruturantes da ordenación urbanística necesaria para a transformación dos terreos clasificados como solo urbanizable non delimitado.

Artigo 86 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. É competencia municipal a aprobación inicial dos plan de sectorización e someteranse como mínimo durante dous meses a información pública mediante anuncio que se publicará no DOGA e en dous dos xornais de maior difusión da provincia. Simultaneamente notificaráselles individualmente a tódolos propietarios dos terreos afectados. Para estes efectos unicamente será obrigatoria a notificación aos titulares que figuren no catastro, debendo figurar a relación na documentación do plan e que cumpriuse o devandito trámite.

Aprobado inicialmente por acordo da Xunta de Goberno Local do 27/11/2009, cumpriuse o trámite de exposición pública coa publicación do anuncio de apertura de exposición pública no diario “El Correo Gallego”, (29/12/2009, páxina 34 Área de Compostela); diario “La Voz de Galicia” (30/12/2009); Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 274, do 31/12/2009; e Diario Oficial de Galicia núm. 1, do 04/01/2010. Constan no expediente as solicitudes dos informes sectoriais, a súa recepción ou a non recepción de contestación no concello. Artigo 86.1.d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. A aprobación do plan de sectorización requirirá a previa emisión de informe preceptivo e vinculante no que se refira ao control da legalidade do órgano autonómico competente.

Artigo 90 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural. Emitido o informe autonómico ou transcorrido o prazo establecido para a súa emisión (3 meses), a aprobación definitiva corresponde ao Pleno do Concello por maioría absoluta do número legal de membros.

Examinada por parte desta Comisión Informativa a documentación obrante no expediente de referencia e emitidas as seguintes consideracións por parte dos membros da mesma:

- *O concelleiro do Partido Popular, don Andrés García Cardeso, amósase a favor da resolución deste*



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
Correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

expediente.

- O concelleiro de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez, manifesta a súa abstención sobre este particular.

En virtude do disposto nos artigos 123 e ss. do artigo 127 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, esta comisión informativa ditamina, con 4 votos a favor (2 dos concelleiros do PSOE e 2 dos concelleiros do PP) e 1 abstención (CxG) o seguinte:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Plan de Sectorización do solo rústico apto para urbanizar SRAU-2 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello da Baña, redactado por Estudio Técnico Gallego SA, de data outubro 2016, xunto cos documentos e planos que o integran e as correccións realizadas tra-lo informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 4 de maio de 2021.

SEGUNDO: Dar traslado do referido acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ou publicación, segundo proceda, ós terceiros interesados no expediente."

Realizadas as diversas intervencións por parte dos concelleiros presentes na sesión plenaria e sometido a votación:

Queda aprobado por unanimidade dos concelleiros e concelleiras a aprobación definitiva do Plan de sectorización do solo rústico apto para urbanizar SRAU-2 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello da Baña, redactado por Estudio Técnico Gallego SA, de data outubro 2016, xunto cos documentos e planos que o integran e as correccións realizadas tra-lo informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 4 de maio de 2021.

E para que así conste, agás erro ou omisión involuntaria, expido a presente certificación, de orden e co visto e prace do señor Alcalde, na Baña á data da sinatura dixital.

O secretario - interventor,
don Ricardo Garrido Caneda.

O alcalde,
don José Antonio Pereira Gil.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE.